

sellería de Sanidade, convoca os seguintes concursos públicos:

-Nº de referencia dos expedientes: AC-APV1-07-002 e AC-APP1-07-003.

1. Obxecto: servizo de xestión de residuos especiais de clase III (grupos 1, 5, 6, 8 e 9) xerados nos centros dependentes desta xerencia.

2. Orzamento de licitación:

AC-APV1-07-002: 130.000 euros (área sur).

AC-APP1-07-003: 76.000 euros (área norte).

3. Prazo de execución: dous (2) anos desde a data de entrada en vigor do contrato. Posibilidade de prórroga nos termos previstos no artigo 198 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

4. Fianzas:

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: será do 4% do orzamento de licitación.

5. Forma de adxudicación: concurso, procedemento aberto.

6. Solvencia económica, financeira e técnica: acreditarase segundo o disposto nos puntos 13 e 14 da portada que integra o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación.

7. Criterios de adxudicación: os establecidos no punto 16 da portada-prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Documentación de interese para os licitadores: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria poden ser solicitados na Xerencia de Atención Primaria; rúa Rosalía de Castro nº 21-6º andar (Vigo), teléfono 986 81 64 66, en días hábiles desde as 9.00 ata as 14.00 horas ou na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

9. Presentación de proposicións: deberán presentarse en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral desta Xerencia de Atención Primaria (rúa Rosalía de Castro nº 21-planta baixa), antes das 14.00 horas do décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou por correo no xeito indicado no punto 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Apertura de proposicións: a apertura de proposicións será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria en Vigo (8º andar), ás 9.00 horas do décimo primeiro día natural contado desde o seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura de proposicións terá lugar o primeiro día hábil seguinte.

11. Documentación que deberán achegar os licitadores: a sinalada no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Anuncios: o pagamento deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Vigo, 20 de febreiro de 2007.

Juan Carlos Eirea Eiras
Director xerente de Atención Primaria
de Pontevedra-Vigo

TRIBUNAL GALEGO DE DEFENSA DA COMPETENCIA

Anuncio de contratación de estudos en materia de competencia.

Na páxina <http://www.tgdcompetencia.org> pódense consultar as bases para a adxudicación de cada un dos seguintes contratos menores de consultaría e asistencia, relativos a estudos en materia de competencia:

1. Estudo sobre o sector da distribución polo miúdo de base alimentaria en Galicia desde o punto de vista da competencia.

2. Estudo sobre o sector da instalación e mantemento de ascensores e montacargas en Galicia desde o punto de vista da competencia.

3. Estudo sobre o sector do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia desde o punto de vista da competencia.

4. Estudo sobre o sector hoteleiro en Galicia desde o punto de vista da competencia.

5. Estudo sobre o sector dos cámpings en Galicia dende o punto de vista da competencia.

6. Estudo sobre as características do sector e a evolución do prezo da pataca en Galicia desde o punto de vista da competencia.

7. Estudo sobre as características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos concellos de Galicia desde o punto de vista da competencia.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

José Antonio Varela González
Presidente do Tribunal Galego de Defensa
da Competencia

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE ARZÚA

Anuncio de concurso, por procedemento aberto, para a contratación da obra denominada implantación de herba artificial no campo de fútbol de Arzúa.

1. Obxecto do contrato: a contratación da referida obra, utilizando para iso o prego-tipo de cláusulas